



O Parlamento de Galicia cumpre co principio de estabilidade orzamentaria, definido como a situación de equilibrio ou superávit computada ao longo do ciclo económico en termos de capacidade de financiamento de acordo co sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Así mesmo, cumpre co principio de sostenibilidade financeira entendida como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial, posto que, partindo da seguridade dos seus ingresos xestionounos de modo que non precisou de ningunha operación de débeda a curto ou longo prazo e o seu período medio de pago non supera o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.